

Proyecto Curricular de Área

Inglés

Educación Secundaria Obligatoria

Curso 2010-2011

PROXECTO CURRICULAR DE ÁREA: INGLÉS

Educación Secundaria Obligatoria

Centro IES A XUNQUEIRA I

Rúa C/ ALEXANDRE BÓVEDA S/N

Localidade PONTEVEDRA Provincia PONTEVEDRA Código Postal

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

1 Carmela Torres Fondevila

2 Carmina Aguado Madrigal

3 Cecilia Sabater Díaz

4 Arturo Neira Rodríguez Xefe de Departamento

5 Ana Fontenla Rodríguez

ÍNDICE

	pax.
A-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
B- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA NESTA ÁREA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.	5
C-OBXECTIVOS	12
D- CONTIDOS	14
E- TEMPORALIZACIÓN	15
F- CRITERIOS DE AVALIACIÓN	125
G-CONTIDOS MINIMOS	126
H/I/J-PROCEDEMENTOS DE AVACIALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	127
K-FOMENTO DA LECTURA	128
L- TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TICS	128
M-PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	128
N-METODOLOXÍA	129
O-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO	129
Q- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	129
R-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	130

A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Distribución do alumnado

Curso	nº de alumnos/as	nº de grupos
1º ESO		3 e 1 2º idioma
2º ESO		3
3º ESO		3 e 1 pdc
4º ESO		3 e 1 pdc
1º BACH.		4
2º BACH.		5
cuale		????

*AINDA NON SE SABE SI HABERÁ SUFICIENTES ALUMNOS PARA FORMAR UN GRUPO DE A1 PROFES E OUTRO DE ALUMNOS. SI ESTO NON FOSE POSIBLE, AS HORAS DEDICARÍANSE A DESDOBRES DE UNHA HORA PARA CONVERSACIÓN/LECTURA/REDACCIÓN, SEGÚN AS NECESIDADES DOS GRUPOS CON MÁIS PROBLEMAS ESPECÍFICOS. TAMÉN SE DEDICARÁN ALGUNHAS HORAS AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, PARA APOIOS EN INGLÉS, E LINGUA PARA ESPAÑOLES OU EXTRANXEIROS.

Quedan un total de 15 horas, xa que, excepto Carmela Torres, todos os profesores collemos un grupo de menos (3 horas menos por profesor) que se adicarán a desdobres de conversación ou apoio nos grupos máis numerosos ou con especiais necesidades.

Ademais hai dous grupos de diversificación, un de 3º e outro de 4º, segundo recollemos no apartado de “Atención á diversidade”.

Recursos materiais dispoñibles no centro

- Aula do departamento con nova instalación multimedia.
- Aula de vídeo
- Radiocasete/ reprodutor CD (un por profesor do departamento)
- Cámara de vídeo
- Ordenadores
- Acceso a Internet.
- Pequena biblioteca de departamento.
- Encerado Dixital Interactivo

Características do alumnado

PERFIL DO CENTRO

Nivel social		Medio	Baixo	Mixto
Zona		Barrio periférico	Vila	Rural

Observacións:

-As expectativas laborais de moitos dos nosos alumnos non van máis alá da profesión dos seus pais, polo que é difícil convencelos de que os estudos son algo fundamental para o seu futuro. Isto provoca unha actitude hacia os estudos, e aínda máis hacia os idiomas, que fai moi difícil motivalos a aprender algo que o que non lle ven utilidade. Isto sucede en maior medida nos varóns, que ven nas profesións dos seus pais unha saída que non necesita estudos, na súa opinión.

-A procedencia social é tamén un aspecto importante, xa que alumnos cunha familia de formación media ou superior, que ven aos seus pais lendo o que viaxan algo e teñen unha pequena biblioteca na casa, teñen normalmente unha maior facilidade de aprendizaxe –comprensión e expresión- que os alumnos que veñen de ambientes onde a lectura é in hábito inexistente e as facilidades para acceder a un libro e a motivación paterna cara a lectura son pequenas ou nulas. Ademais, os alumnos de clase media teñen normalmente unhas expectativas profesionais máis altas, por influencia do entorno.

-De todos os xeitos, o acceso xeneralizado a Internet non está tendo, en xeral, efectos positivos, xa que se utiliza só para actividades de lecer, especialmente en redes sociais e xogos, que non aportan nada a formación dos rapaces.

-Tamén se observa cada vez máis unha falla de control paterno dos estudos, horarios, acceso a medios de comunicación e lecer, ect., polo que moitos rapaces non fan os deberes e o seu rendimento escolar vese gravemente perxudicado.

B- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA NESTA ÁREA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Na definición que a Lei orgánica de educación (LOE) fai do currículo, atopámonos tanto cos compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) coma coas competencias básicas. Este é un dos aspectos orientadores do conxunto do currículo e, en consecuencia, orientador dos procesos de ensino-aprendizaxe. En 2º de ESO o alumno debe participar na denominada avaliación de diagnóstico, na que deberá demostrar a adquisición de determinadas competencias. Esta avaliación non ten consecuencias académicas para os alumnos, pero o feito de que os seus resultados sirvan de orientación para que os centros adopten decisións relativas ás aprendizaxes dos alumnos, dános unha idea de como os procesos educativos se ven condicionados por este elemento na liña de ser moito máis funcionais. En 4º de ESO a decisión de se o alumno consegue a promoción de etapa, basearase en parte en se adquiriu ou non as competencias básicas, por iso é polo que acaben converténdose nun referente para a avaliación do alumno.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindíbeis, prácticos e integrados, saberes que terán que ser demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar

coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse, sobre o que se pode chamar *carácter combinado* da competencia: o alumno, mediante o que *sabe*, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que *sabe ser e estar*. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara o alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, por iso é polo que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, ser responsábel, traballar en equipo...

Tamén é importante outro aspecto: formar en competencias permite facer fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non acaba nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das tecnoloxías da información e da comunicación permitirá acceder a este instrumento para solicitar a información que en cada momento se precise (obviamente, logo de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesa competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas

De forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas achega o seguinte á formación persoal e intelectual do alumno:

A. COMPETENCIAS BÁSICAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA

▪ COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Supón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita e como instrumento de aprendizaxe e de autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta, polo que contribúe, así mesmo, á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións construtivas cos demais e coa contorna. Aprender a comunicarse é, en consecuencia, establecer lazos con outras persoas, achegarnos a outras culturas que adquiren sentido e provocan afecto despois de que se coñecen. En suma, esta competencia lingüística é fundamental para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir. A adquisición desta competencia supón o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Todos os libros de Oxford University Press ofrecen unha gran variedade de actividades que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar.

As seccións de Everyday English proporcionanlles aos alumnos unha oportunidade para desenvolver os seus coñecementos nun contexto de comunicación oral real. As seccións de writing facilitan tarefas guiadas para que os alumnos sexan quen de compoñer un texto escrito con diferentes finalidades (describir, narrar, escribir unha carta...).

▪ TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

Son as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos que van dende o acceso e selección da información ata o seu uso e transmisión en diferentes soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse. A adquisición desta competencia supón, polo menos, utilizar recursos tecnolóxicos para resolver problemas de modo eficiente e ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información de que se dispón.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnolóxicas creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

A serie Oxford Spotlight ten a súa propia páxina web (www.oup.com/elt/spotlight) onde os xogos interactivos dan a oportunidade de procesar información e consolidar coñecementos. Cos enlaces a outras páxinas web poden realizar actividades en tempo real. Proporcionaselle a cada alumno un Multi-ROM onde pode practicar o inglés de forma interactiva mediante xogos e diálogos.

▪ **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan as persoas para convivir en sociedade, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos, polo que adquirirla supón ser quen de pórse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros. En suma, implica comprender a realidade social en que se vive, afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsábel.

As linguas sérvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

Ao longo do curso os textos proporcionan temas de interese social e cultural. Nos niveis 1 e 2 as seccións Spotlight on the World proporciónalles aos alumnos información sobre diferentes culturas en comparación coa súa propia.

Ao final do SB os alumnos teñen lecturas extra (Reports) sobre aspectos socio-culturais relevantes do Reino Unido.

▪ **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e considéralas parte do patrimonio cultural dos pobos. En definitiva, apreciar e gozar a arte e outras manifestacións culturais, ter unha actitude aberta e receptiva ante a plural realidade artística, conservar o común patrimonio cultural e fomentar a propia capacidade creadora.

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas a aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Ao longo do curso, tócanse temas variados que inclúen textos escritos ou orais acerca da música, do cine, das obras de arte, etc. Todo iso contribúe ao enriquecemento

cultural e artístico do alumno. Cada unidade (1º ciclo) hai unha lección (Song) dedicada á música con biografías, letras de cancións, etc.

▪ **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, así como buscar respostas que satisfagan as esixencias do coñecemento racional. Así mesmo, implica admitir unha diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos. En suma, implica a xestión das propias capacidades dende unha óptica de procura de eficacia e o manexo de recursos e técnicas de traballo intelectual.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

O material multimedia (Student's Multirom) axuda o alumno a desenvolver a aprendizaxe autónoma, con axuda dos exercicios autocorrectivos, así como a páxina web do alumno. (www.oup.com/elt/spotlight).

No iSolutions Pack hai un CD con material para imprimir de auto-avaliación ao estilo do Portfolio Europeo das Linguas relacionado con cada unidade do SB, onde o alumno reflexiona sobre as súas estratexias de aprendizaxe.

B. COMPETENCIAS BÁSICAS NON DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA

▪ **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

Esta competencia consiste, ante todo, na habilidade para utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e co mundo laboral. A adquisición desta competencia supón, en suma, aplicar destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática, expresarse e comunicarse na linguaxe matemática e integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

En moitas das unidades se presentan datos que os alumnos deben analizar para sacar as súas propias conclusións e utilizar a información extraída de forma adecuada á tarefa que se solicita. Por exemplo, analizar información nas seccións de Reading e

presentar datos/argumentos nas tarefas de Writing. En primeiro ciclo, os alumnos traballan o cálculo con diferentes tipos de moeda.

▪ **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

É a habilidade para interactuar co mundo físico nos seus aspectos naturais e nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En suma, esta competencia implica a adquisición dun pensamento científico-racional que permite interpretar a información e tomar decisións con autonomía e iniciativa persoal, así como utilizar valores éticos na toma de decisións persoais e sociais.

Esta competencia, e partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, permite argumentar racionalmente as consecuencias duns ou doutros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudábel nunha contorna natural e social tamén saudábel. Son parte desta competencia básica o uso responsábel dos recursos naturais, o coidado do medio ambiente, o consumo racional e responsábel, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

Ao longo do curso se tratan diversos temas relacionados co coñecemento e coa interacción co mundo físico, como poden ser o consumo responsábel, a protección do medio ambiente ou o clima.

▪ **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Esta competencia refírese á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsábel dela, tanto no ámbito persoal coma no social ou laboral.

A adquisición desta competencia implica ser creativo, innovador, responsábel e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos.

Os alumnos teñen a posibilidade, con ferramentas como a páxina web (www.oup.com/elt/spotlight) e o Student's Multirom, de optar a realizar auto-avaliacións de forma periódica sen axuda do profesor.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS

As competencias, pola súa propia formulación son, inevitabelmente, moi xenéricas. Se queremos que sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, debemos concretalas moito máis, descompoñelas, sempre en relación cos demais elementos do currículo. É o que chamamos *subcompetencias*, e que sen pretender chegar a abarcar todas as posíbeis, si recollen aquelas que maior relación teñen co currículo da materia e maior presenza en todas as materias polo seu carácter interdisciplinar. Na materia de lingua estranxeira, estas subcompetencias son as seguintes:

Comunicación lingüística

- Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito sinxelo.

- Adecuar a fala a situacións comunicativas variadas, controlando os elementos non verbais e respectando as regras propias do intercambio comunicativo.
- Ter conciencia das convencións sociais e culturais á hora de producir textos.
- Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- Gozar da lectura e, a través dela, descubrir outras contornas, idiomas e culturas.
- Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos escritos.
- Coñecer os principais procedementos de formación de palabras como instrumento para ampliar o léxico.
- Utilizar un vocabulario suficientemente amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade e precisión en situacións concretas.
- Compor textos propios do ámbito académico, adecuados ao propósito comunicativo.
- Escribir textos para expresar ideas, sentimentos e experiencias.

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar, obter, procesar e comunicar información na lingua estranxeira para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou Internet.
- Analizar de xeito crítico a información obtida.

Social e cidadá

- Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersoal e de resolución de conflitos.
- Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.
- Valorar a pluralidade lingüística como unha riqueza cultural.

Cultural e artística

- Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.

Aprender a aprender

- Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (resumo, esquema, mapas conceptuais...).
- Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

Autonomía e iniciativa persoal

- Actuar con iniciativa e creatividade persoal.
- Desenvolver as habilidades sociais.

C-OBXECTIVOS

O obxecto da materia na etapa de Educación secundaria obrigatoria é a aprendizaxe das destrezas discursivas que poden ter lugar en ámbitos diversos. Ao finalizar a Educación Primaria, os alumnos e as alumnas han de ser capaces de utilizar a lingua estranxeira para expresarse e interactuar oralmente e por escrito en situacións sinxelas e habituais. En Educación secundaria obrigatoria continúaase o proceso de aprendizaxe da Lingua Estranxeira, co obxectivo de que ao finalizar esta etapa consoliden as destrezas produtivas e sexan capaces de manter unha interacción e facerse entender nun conxunto de situacións, como ofrecer e pedir explicacións persoais nun debate informal, expresar de forma comprensíbel a idea que se quere dar a entender, utilizar unha linguaxe ampla e sinxela para explicar o que se quere, comprender as ideas principais de textos en lingua estándar, aínda con pausas evidentes para realizar certa planificación gramatical e léxica. Así mesmo, ao finalizar a etapa, deberán saber enfrontarse de forma flexíbel a problemas cotiáns de comunicación oral e escrita, como participar en conversas habituais, suscitar queixas, relatar experiencias ou plans, explicar algo ou pedir aclaracións. En definitiva, esta etapa debe supoñer un punto de partida sólido para continuar, de forma progresivamente autónoma, cunha aprendizaxe que ha de durar toda a vida.

Por outra banda, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira transcende o marco das aprendizaxes lingüísticas, vai máis aló de aprender a utilizala en contextos de comunicación. O seu coñecemento contribúe á formación do alumnado dende unha perspectiva integral en tanto que favorece o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas, desenvolve a conciencia intercultural e un vehículo para a comprensión de temas e problemas globais e para a adquisición de estratexias de aprendizaxe diversas. O proceso de ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira nesta etapa educativa leva consigo un claro compoñente actitudinal, na medida en que contribúe a desenvolver actitudes positivas e receptivas cara a outras linguas e culturas e, ao mesmo tempo, a comprender e valorar a lingua ou linguas propias. Preténdese, na medida do posíbel, globalizar as experiencias sen esquecer a etapa concreta de aprendizaxe en que se atopan os alumnos.

A programación que vai dirixida á Educación Secundaria Obrigatoria na área de Linguas Estranxeiras (inglés), ten como obxectivo desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que estes asimilen as regras gramaticais da lingua inglesa e adquiran o vocabulario básico necesario para comunicarse. Ese principio xeral descomponse nos seguintes obxectivos específicos:

- **Transmitirlles aos alumnos de Secundaria un vocabulario útil e necesario para comunicarse en inglés.** Para iso, en cada unidade preséntase, practícase e recíclase vocabulario relativo a un tema determinado.
- **Explicar expresións tipicamente inglesas** a través de diálogos entre alumnos da mesma idade que os estudantes
- **Axudar os alumnos a comprender a gramática inglesa e utilizar a lingua de forma correcta**, sobre a base de explicacións claras e unha práctica progresiva que vai de conceptos sinxelos a outros máis complexos.
- **Trasladarlles aos alumnos aspectos da cultura británica e propiciar unha comparación coa súa propia cultura** a través de seccións específicas de cultura
- **Permitirlles aos alumnos centrarse na vida diaria e nos costumes dos adolescentes británicos**, vendo como se desenvolven en diversos contextos ilustrados tanto no *Student's Book* como nos vídeos e os DVDs que inclúe o curso.
- **Plasmar o mundo real máis aló da aula** coa axuda de textos e seccións informativas, dentro das unidades

- **Proporcionarlles aos alumnos ferramentas para expresarse, tanto de forma oral como por escrito, acerca de temas que lles resultarán interesantes e motivadores.** Ofrecerlles, non só a práctica necesaria, senón tamén axuda para preparar tanto textos orais como escritos.
- **Darlles aos alumnos a oportunidade de reciclar e repasar o vocabulario e as estruturas que van aprendendo** nos apartados de repaso
- **Permitirlles aos alumnos avaliar o seu propio progreso** utilizando os diferentes exercicios de auto-avaliación de todas as unidades.
- **Facer posíbel que os alumnos se convirtan en mellores estudantes de idiomas, e tamén máis independentes.** Animalos a utilizar as seccións de referencia (apartado de gramática, listas de vocabulario, etc.), así como compoñentes multimedia para practicar na casa.
- **Contribuír a que os alumnos de Secundaria gocen das clases de inglés** grazas a un material en grao sumo motivador: cancións auténticas, exercicios que inclúe xogos, sopas de letras, encrucillados, etc., e un materiais multimedia no que atoparán diversos xogos.

Grazas ao equilibrio entre o nivel de esixencia e a axuda que se proporciona, todos os alumnos terán a oportunidade de desenvolver as súas capacidades ao máximo.

O ensino da Lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensíbel, adecuada e con certo nivel de autonomía.
3. ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
5. utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferirle á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
9. valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

D- CONTIDOS

Os contidos agrúpanse para iso en bloques que ordenan os elementos de análises dunha realidade complexa, en relación a catro centros de atención con características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e aprendizaxe: a linguaxe oral; a linguaxe escrita; os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións; e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira. Aínda que a linguaxe oral e a escrita son dúas manifestacións diferentes dunha mesma capacidade, cada unha esixe diferentes habilidades e coñecementos polos que os contidos se refiren a elas por separado:

Bloque 1– escoitar, falar e conversar

O modelo lingüístico achegado pola escola é a primeira fonte de coñecemento e aprendizaxe do idioma. Os discursos utilizados na aula son ao mesmo tempo vehículo e obxecto de aprendizaxe, polo que o Currículo e o noso proxecto atenderon tanto ao coñecemento dos elementos lingüísticos como á capacidade de utilizalos para outras tarefas comunicativas.

Por outra banda, o modelo lingüístico achegado debe provir dun certo número de falantes para recoller a variación e matices que un modelo lingüístico ambiental lles ofrece aos falantes tanto no aspecto fonético e prosódico coma na elección de expresións concretas en situacións coñecidas de comunicación. De aí a presenza no Currículo no noso proxecto do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e comunicación.

Bloque 2– Ler e escribir

Preténdese con iso a competencia discursiva no uso escrito. En lingua estranxeira os textos escritos son tamén modelo de composición textual e de práctica e adquisición de elementos lingüísticos. O uso progresivo da linguaxe escrita dependerá do grao de coñecemento do código, que está en relación directa co grao de seguridade que o devandito código ofrezca na representación gráfica dos sons da lingua. Para superar esta falta de seguridade, o Currículo e o noso proxecto inclúen estratexias e recursos como o uso de dicionarios e outros medios de consulta convencionais ou dixitais para a comprensión e composición de todo tipo de textos.

Bloque 3– Coñecemento da lingua

O contacto coa lingua estranxeira e o seu uso, permiten elaborar a quen está aprendéndoa, un sistema conceptual elemental sobre o seu funcionamento. O punto de partida serán as situacións de uso que fomenten a inferencia de regras de funcionamento da lingua para que os/as alumnos/as adquiran confianza nas súas propias capacidades.

Este bloque divídese en coñecementos lingüísticos e reflexión sobre a aprendizaxe.

Bloque 4– Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Este bloque contribúe a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira, en definitiva, formas de vida diferentes ás propias. Este coñecemento promoverá a tolerancia e aceptación, acrecentará o interese polo coñecemento das diferentes realidades sociais e culturais e facilitará a comunicación intercultural.

E- TEMPORALIZACIÓN

PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS

1º CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

OXFORD SPOTLIGHT 1

OBXECTIVOS XERAIS DE CONTIDO

PRIMEIRO CICLO DE SECUNDARIA

(Traballaranse en todas as unidades a través do material didáctico.)

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

- escoita e comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións, interaccións orais dirixidas ou gravacións en soporte audiovisual e informático, para obter información global e específica.
- Interacción oral en situacións reais ou simuladas con progresiva autonomía, eficacia e complexidade das expresións utilizadas.
- Producción de textos orais con progresiva autonomía, eficacia e complexidade baseados en modelos e estruturas lingüísticas coñecidas.
- Desenvolvemento de estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso de contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece, á lingua estranxeira.
- Inferencia de significados de información, mediante a interpretación de elementos contextuais.
- Identificación de trazos que diferencien o código oral e escrito.
- Transmisión de información esencial a outras persoas sobre o que se escoitou ou leu.
- Planificación na emisión de mensaxes, considerando a intención comunicativa, a situación de comunicación e os interlocutores.
- Negociación de significados na comunicación, desenvolvendo estratexias que axuden a comunicar con éxito, mantendo un equilibrio entre a corrección formal e a fluidez.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Lectura e comprensión de diferentes textos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou proxecto ou para gozar da lectura.
- Uso progresivo autónomo de estratexias de lectura: uso do contexto visual e verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece, identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas, utilizando dicionarios.
- Lectura e escritura de textos propios de situacións cotiás de relación social, de medios de comunicación e de textos para aprender e para informarse.
- Composición de textos propios de distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e estruturas, con diversas intencións comunicativas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para producir textos e presentacións e para transmitir información.
- Producción de textos escritos que conteñan elementos de coordinación e subordinación.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposicións, etc.
- Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns.
- Pronuncia coidada, ritmo, entoación e acentuación adecuados tanto na interacción e expresión oral como na recitación, dramatización ou lectura en voz alta.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas, establecemento das relacións analíticas grafía-son e coñecemento dalgunhas irregularidades relevantes.
- Utilización das estratexias básicas da produción de textos (elección do destinatario, propósito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos.
- Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas e utilización de soportes multimedia e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Iniciación en estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas.

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Valoración da lingua estranxeira como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como posibilidade de acceso a informacións novas e como instrumento para coñecer outras culturas e formas de vivir diferentes e enriquecedoras.
- Coñecer costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira, fomentando a tolerancia e o coñecemento doutras culturas a través do idioma.
- Identificación das normas e dos comportamentos propios de pobos e culturas que falan a lingua estranxeira.
- Uso apropiado de formulas lingüísticas (cortesía, acordo, discrepancias, etc.) asociadas a situacións concretas de comunicación.
- Coñecemento e valoración de elementos de trasfondo cultural propios dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Interese por propiciar encontros e intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de actitudes que axuden a valorar a cultura propia a partir do contraste con outras.
- Respecto cara aos falantes da lingua estranxeira con independencia da súa orixe, raza ou lingua materna, propiciando o achegamento e a eliminación de barreiras na comunicación.
- Valoración da importancia da lingua estranxeira como forma de acceder á comunicación con outras persoas que aprenden a mesma lingua estranxeira.
- Recoñecemento da presenza da lingua estranxeira nos novos sistemas de comunicación tecnolóxica e a súa utilidade para comunicarse con persoas de procedencias diversas.

OBXECTIVOS ACTITUDINAIS PRIMEIRO CICLO DE SECUNDARIA

(Traballaranse en todas as unidades a través do material didáctico.)

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

- Valoración do inglés como unha lingua para comunicarse con outras persoas, e mostrar curiosidade e interese cara ás persoas e cara aos países que falan a lingua estranxeira.
- Participación activa e respectuosa nos intercambios comunicativos da aula.
- Disposición para superar as dificultades que xorden habitualmente na comunicación, utilizando as estratexias de comunicación das linguas que coñece.
- Interese por comprender e facerse comprender a través da lingua.
- Comparación sobre o funcionamento da lingua estranxeira a partir das linguas que coñece.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e valoración do papel que desempeñan para satisfacer as necesidades de comunicación.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e aprender.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

- Interese por utilizar a lingua estranxeira de forma correcta en situacións variadas de progresiva extensión atendendo á corrección e á adecuación das expresións.
- Interese por aprender vocabulario e estruturas e realizar as actividades que propón a unidade.
- Atención á corrección durante a aprendizaxe da lingua.
- Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e valoración do traballo cooperativo.
- Reflexión sobre a propia aprendizaxe, organización do traballo, aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, autocorrección e autoavaliación.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Valoración da cultura propia a partir do coñecemento e valoración doutras culturas.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.
- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Desenvolver de forma progresiva a sensibilidade crítica que permite desvelar os estereotipos sexistas, clasistas, racistas que a lingua comporta.
- Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.

PRIMEIRO CURSO E.S.O.

PRIMEIRA AVALIACIÓN

UNIT 1- MY FAMILY

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo á familia e aos amigos, así como ás partes do corpo.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos escritos tales como descrições de familiares e amigos, facendo fincapé na utilización das maiúsculas.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *verbo have got: affirmative, negative and interrogative*.
- Practicar a pronuncia do son /h/.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación co tema da familia.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- Identificar os personaxes de dúas conversas e completar información sobre a familia e os amigos (páx. 14 exs. 7 e 8).
- Localizar os lugares que se citan na gravación (páx. 14 ex. 9).

Speaking

- Identificar e traducir varias expresións da historia ilustrada (páx. 11 ex. 3)
- escoitar e traducir expresións habituais. Practicar un diálogo, identificando os lugares que se citan nel (páx. 14 ex. 2)
- Construír e practicar un diálogo por parellas (páx. 14 exs. 5 e 6)

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Identificar os personaxes da foto (páx. 15 ex. 1)
- Responder a preguntas de comprensión sobre un texto (*Unha familia de película, A Familia Addams*) (páx. 15 ex. 2)

Writing

- Aprender e aplicar varias normas de uso sobre as maiúsculas (páx. 15 ex. 4)
- Redactar un texto sobre a familia coa axuda dun plan de redacción (páx. 15 ex. 6)

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Presentar e describir xente

- Pedir e dar información sobre a familia e os amigos

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

have got: formas afirmativa, negativa e interrogativa

O posesivo en 's

VOCABULARIO

Tema: A familia

Léxico:

- Termos de parentesco
- Partes do corpo (Word check)

FONÉTICA

O son /h/

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Completar varias frases e unha entrevista (páx. 12 ex. 2; páx. 13 ex. 5)
- Construír frases negativas, preguntas e respostas breves (páx. 12 exs. 3, 4)
- Construír frases utilizando posesivos (páx. 13 ex. 8)

Vocabulary

- Relacionar ilustracións e palabras; construír frases sobre o tema (páx. 9 ex. 1)
- escoitar e repetir vocabulario; identificar termos femininos e masculinos; traducilos á lingua materna (páx. 9 exs. 2 e 3)
- Facer e responder preguntas sobre a familia propia; escribir frases sobre ela (páx. 9 exs. 4/5)
- Identificar e traducir varios termos da historia ilustrada (páx. 11 exs. 4 e 5)
- Debuxar unha persoa e poñerlles nome ás distintas partes do seu corpo (páx. 11 ex. 6)

Pronunciation

- Identificar en diversos contextos o elemento fónico en estudo (páx. 13, exs. 6 e 7).

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecer datos sobre o Reino Unido (*Spotlight on the world*).

PROCEDEMENTOS

- Responder ás preguntas dun cuestionario; comprobar as respostas (páx. 16 exs. 1 e 2)
- Localizar lugares citados no texto (páx. 16 ex. 3)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución da aprendizaxe da lingua estranxeira ás competencias básicas e particularmente como se reflicten nesta unidade:

ii. competencia de aprender a aprender,

Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe, por exemplo realizando un cuestionario.

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución a esta competencia.

Os alumnos a través da lingua estranxeira crearán contextos reais e funcionais de comunicación utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación.

iv. competencia social e cidadá xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados ao mesmo tempo cá unidade.

Educación para a paz: coñecemento das realidades doutras partes do mundo.

Educación moral e cívica: a importancia de reflexionar acerca da familia e das relacións familiares.

v. competencia artística e cultural

A s producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais:

- Debuxar unha persoa e poñerlles nome ás distintas partes do corpo (SB páx. 11, ex. 6).

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

Ciencias Sociais (Xeografía)

Aprender sobre países e nacionalidades

5.- TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Actividades de reforzo

- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T9, T11, T12, T13, T14, T15
- Apartado *Grammar*, SB páxs. 106–107
- Apartado *Irregular verbs*, SB páx. 128
- Apartado *Word Bank*, SB páxs. 129–134
- Apartado *Expression Bank*, SB páx. 135
- Workbook páxs. 7–11
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

Actividades de ampliación

- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T10, T16
- Actividades do *RB*
- Actividades do MultiROM

6.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

- Unidade *Introduction*, SB páxs. 4–8
- Diagnostic test, *RB* e CD de avaliación
- Apartado *What's in this unit?*, SB páx. 9

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG/GD

Avaliación sumativa

Test Unit 1, *RB* e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 1, *Workboob* páx. 12

UNIT 2- MY DAY

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relacionado con hábitos diarios, días da semana e meses do ano.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos escritos tales como descrições de costumes e plans, facendo fincapé nos signos de puntuación.
Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe; por exemplo nesta unidade coñecer a Declaración Universal dos Dereitos do Niño e debater sobre ela.

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución a esta competencia.

Os alumnos a través da lingua estranxeira crearán contextos reais e funcionais de comunicación utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación

iv. competencia social e cidadá xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados ao mesmo tempo cá unidade.

Educación moral e cívica: reflexión acerca da importancia da infancia na configuración da sociedade do futuro.

Educación para a igualdade de ambos sexos: reflexión sobre os dereitos do neno e como afectan por igual a ambos sexos.

v. competencia artística e cultural

A s producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

5.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *Unit Focus*, SB páx. 45

Diagnostic test, RB e CD de avaliación

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG

Avaliación sumativa

Test unit 5, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 5, Workbook páx. 36

UNIT 6: TAKE ACTION!

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relacionado con temas de importancia mundial.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos como un panfleto de propaganda.
- Aplicar estruturas gramaticais como *will* e *first conditional*.
- Practicar a pronuncia dos sons /j/ e /dʒ/ .
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre o tema do mundo en que vivimos.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar un texto (sobre unha manifestación), decidir unha frase verdadeira de entre tres e completar unhas respostas tipo *multiple choice* (páx. 59 exs. 6 e 7).

Speaking

- escoitar, practicar en voz alta e traducir unhas expresións dun texto oral (páx. 59 ex. 2)
- escoitar un texto oral e decidir se as afirmacións que aparecen son certas, posibles ou imposíbeis (páx. 59 ex. 1)
- Practicar o diálogo en voz alta, escribir un similar e representalo para o grupo (páx. 59 exs. 3, 4 e 5)

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Relacionar uns temas cunhas fotos, ler un texto (sobre a importancia da túa achega) e decidir se unhas frases son verdadeiras ou non (páx. 58 exs. 1 e 2)

- Explicar o significado dunhas cifras no texto e encontrar palabras relacionadas con certos significados (páx. 58 exs. 3 e 4)

Writing

- Ler un panfleto modelo e contestar unhas preguntas (páx. 60 exs. 1 e 2)
- Corrixir os erros dunhas frases e redactar un panfleto seguindo un plan establecido (páx. 60 exs. 3 e 4)

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso **CONCEPTOS**

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Expresar diferentes graos de probabilidade
- Dar e pedir opinión sobre temas xerais

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Will: offers, promises and decisions

Predicións: *going to*

First conditional

VOCABULARIO

Tema: Temas de importancia mundial

Léxico:

- Temas importantes globalmente
- Verbo + substantivo (word help)

FONÉTICA

Os sons /j/ e /dʒ/

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Tras traducir uns exemplos, facer coincidir unha serie de frases con outras que se terán que completar de antemán (páx. 56 exs. 1 e 2)
- Completar unhas frases con *I'll...* (páx.56 ex. 3)
- Estudar uns exemplos e completar unhas frases en relación cuns debuxos (páx. 56 exs. 4 e 5)
- Estudar uns exemplos e completar unhas frases (páx. 57 ex. 7)
- Ler as regras de utilización, responder unhas preguntas e completar un texto (páx. 57 exs. 8 e 9)

Vocabulary

- Facer coincidir as palabras dun cadro cunhas fotos e comprobar as respostas a través dun texto oral (páx. 53 exs. 1 e 2)
- escoitar un texto oral e responder unhas preguntas (páx. 53 exs. 3 e 4)
- escoitar un texto oral e completar unhas frases cos verbos dun cadro (páx. 55 ex. 5)
- Por parellas, debater sobre experiencias pasadas (páx. 55 ex. 6)
- Encontrar expresións nun texto que respondan a certos significados, traducilas e reescribir unhas frases utilizándoas (páx. 55 exs. 3 e 4)

Pronunciation

- escoitar e repetir as palabras dun texto oral prestándolles especial atención aos sons /j/ e /dʒ/ (páx. 55 ex. 1)
- escoitar e practicar en voz alta a pronuncia duns trabalinguas (páx.55 ex. 2)

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecer datos sobre unha cantante e a súa canción (*The voice within; Christina Aguilera*).

PROCEDEMENTOS

- Tras escoitar a canción, determinar o tema principal (páx. 107 ex. 1)
- Facer coincidir unhas palabras ou frases cos seus significados e determinar a importancia dunhas datas tras ler unha ficha informativa sobre a canción e o artista (páx. 107 ex. 2 e 3).

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución da aprendizaxe da lingua estranxeira ás competencias básicas e particularmente como se reflicten nesta unidade:

ii. competencia de aprender a aprender;

Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe, nesta unidade por exemplo se intentará afondar en temas universais tales como os acontecementos sociais.

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital.

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución a esta competencia.

Os alumnos a través da lingua estranxeira crearán contextos reais e funcionais de comunicación utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación.

iv. competencia social e cidadá xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados ao mesmo tempo cá unidade.

Educación ambiental: reflexión acerca dos problemas ambientais globais e como debemos contribuír para paliar ou mellorar a situación.

Educación moral e cívica: reflexión acerca do respecto polos Dereitos humanos.

v. competencia artística e cultural

A s producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais:

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

5.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *Unit Focus*, SB páx. 53

Diagnostic test, RB e CD de avaliación

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG

Avaliación sumativa

Test unit 6, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 6, Workbook páx. 42

Apartado Build Up, Units 4-6 SB páx. 64

3ª AVALIACIÓN

UNIT 7: THE MATERIAL WORLD

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relacionado co mundo dos cartos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos sobre un evento imaxinario.
- Traballar estruturas gramaticais como o condicional hipotético.
- Practicar a pronuncia das contraccións verbais.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre o tema da economía.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar un texto oral (Kylie o Beyoncé) e responder unhas preguntas (páx. 71 ex. 6)
- Volver escoitar e responder outras preguntas (páx. 71 ex. 7)

Speaking

- Encontrar expresións nun texto oral, traducilos e reescribir unhas frases utilizándoos (páx. 67exs. 4 e 5)
- escoitar un diálogo e responder unha pregunta (páx. 71 ex. 1)
- Practicar o diálogo en voz alta, escribir un similar e representalo para o grupo (páx.71 exs. 3 a 5)

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Tras dicir se unhas frases son, en opinión do alumno, verdadeiras ou falsas, ler un texto (no que se pensa no mundo como unha aldeíña), contestar unhas preguntas e encontrar palabras que correspondan a certos significados (páx. 70 exs. 1 e 2, 3, 4 e 5).

Writing

- Ler un texto modelo, responder unhas preguntas, dicir se unhas frases son verdadeiras ou falsas e completar unhas frases (páx. 72 exs. 1, 2, 3 e 4)
- Escribir un texto sobre un caso hipotético para gastar unha fortuna, seguindo un plan de redacción (páx. 72 ex. 4).

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Pedir e dar consellos
- Describir un concerto musical.

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Condicional hipotético

Should

VOCABULARIO

Tema: O diñeiro e as finanzas

Léxico:

- O mundo financeiro
- Palabras relacionadas; nomes e adxectivos (word help)

FONÉTICA

Contraccións

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Estudar unhas frases sobre a formación do *Second Conditional* e da súa utilización (páx. 68 ex. 1)
- Facer coincidir dos grupos de frases e determinar cales das resultantes son verdadeiras para o alumno (páx. 68 ex. 2)
- Completar frases coas palabras dun cadro e coas propias ideas do alumno (páx. 68 exs. 3 e 4)
- Completar unhas frases relacionándoas cuns debuxos (páx. 69 ex. 6)
- Estudar unha táboa de formación e completar unhas frases (páx. 69 exs. 7 e 8).

Vocabulary

- Facer coincidir as palabras dun cadro cunhas fotos, escoitalas, repetilas e comprobar erros (páx. 65 ex. 1)
- Completar unhas frases coas palabras dun cadro (páx. 65 ex. 2)
- Contestar un *quiz* sobre diñeiro (páx. 65 ex. 3)
- Estudar a formación de adxectivos e transformar os substantivos dun cadro en adxectivos (páx. 67 ex. 6)
- Completar unhas frases (páx. 67 ex. 7)

Pronunciation

- escoitar prestándolle especial atención á diferenza entre unha frase afirmativa e unha negativa (páx. 67 ex. 1)
- escoitar unhas frases e decidir se son afirmativas ou negativas (páx. 67 ex. 2)

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecer datos sobre varios mozos ricos (Report 4)

PROCEDEMENTOS

- Ler un informe, facer coincidir uns encabezamentos coas diferentes seccións do informe e dicir se unhas frases son verdadeiras ou falsas (páx. 100 ex. 2 e páx. 101 ex. 3)
- Encontrar palabras no texto e relacionalas cuns significados (páx. 101 ex. 4)
- escoitar textos orais, responder unhas preguntas e debater sobre unhas afirmacións (páx. 101 exs. 5, 6 e 7)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución da aprendizaxe da lingua estranxeira ás competencias básicas e particularmente como se reflicten nesta unidade:

ii. competencia de aprender a aprender;

Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe, nesta unidade se debaterá sobre o tema da riqueza.

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución a esta competencia.

Os alumnos a través da lingua estranxeira crearán contextos reais e funcionais de comunicación utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación.

iv. competencia social e cidadá xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados ao mesmo tempo cá unidade.

Educación moral e cívica: reflexión sobre aspectos da vida cotiá como o diñeiro.

v. competencia artística e cultural

As producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais:

- Aprender que tipo de acontecementos sociais se celebran noutros lugares.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

5.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *Unit Focus*, SB páx. 65

Diagnostic test, RB e CD de avaliación

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG

Avaliación sumativa

Test unit 7, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 7, Workbook páx. 48

UNIT 8: INNOVATE!

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relacionado con produtos e materiais.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a descrición dun estilo de vida, utilizando *too/either*.
- Aplicar estruturas gramaticais como a voz pasiva e as oracións de relativo.
- Practicar a pronuncia das formas débiles do pasado *was/were*.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre o tema dos avances tecnolóxicos.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar un texto (nun autobús) e responder unha pregunta (páx. 79 ex. 6)
- Volver escoitar e responder máis preguntas (páx. 79 ex. 7)

Speaking

- escoitar, practicar en voz alta e traducir unhas expresións (páx. 79 ex. 3)
- Ler, escoitar un diálogo e responder unha pregunta (páx. 79 ex. 1)
- Practicar o diálogo en voz alta, escribir un similar e representalo para o resto do grupo (páx. 79 exs. 3, 4 e 5)

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Tras debater sobre a importancia dalgúns inventos, ler un texto sobre os inventos na vida diaria e ordenar cronoloxicamente uns sucesos (páx. 78 exs. 1 e 2)
- Responder unhas preguntas e encontrar unhas palabras e frases no texto relacionándoas cuns significados (páx. 78 exs. 3 e 4)

Writing

- Ler un texto identificando o tema principal e contestar unhas preguntas (páx. 80 exs. 1 e 2)
- Estudiar unha frase e buscar exemplos no texto modelo (páx. 80 ex. 3)
- Completar unhas frases usando *too* o *either* (páx. 80 ex. 4)
- Redactar un texto seguindo un plan de redacción (páx. 80 ex. 5)

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Describir un estilo de vida
- Pedir e dar información sobre transporte público

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Voz pasiva

Oracións de relativo; *who/which/where*

VOCABULARIO

Tema: Inventos e innovacións

Léxico:

- Materiais
- Adxectivo + preposición (word help)

FONÉTICA

A pronuncia das formas débiles de pasado *was/were; /e/*.

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Tras completar a regra de formación, transformar unhas oracións á voz pasiva usando *by* cando sexa necesario (páx. 76 exs. 1 e 2)
- Completar un texto usando a pasiva en pasado e unhas frases e preguntas con *past simple* ou *present perfect* (páx. 76 exs. 3, 4 e 5)
- Tras completar a regra, encher os ocos dunhas frases con *who/which/ where* (páx. 77 exs. 6 e 7)
- Unir pares de frases (páx. 77 ex. 8)

Vocabulary

- Escoitar, practicar en voz alta, traducir e relacionar cuns debuxos as palabras dunha lista (páx. 73 exs. 1 e 2)
- Facer preguntas e respondelas por parellas (páx. 73 ex. 3)
- Facer preguntas para que contesten outros membros da clase (páx. 74 ex. 4)
- Escoitar un texto oral e unir as preposicións dun cadro cos adxectivos dunha lista (páx. 75 ex. 5)
- Completar unhas frases e decidir se son aplicábeis ao alumno (páx. 75 ex. 6)
- Encontrar nun texto as expresións equivalentes a unhas frases e traducilas (páx. 75 ex. 3)
- Reescribir unhas frases coas expresións do exercicio anterior (páx. 75 ex. 4)

Pronunciation

- Escoitar e practicar unhas frases prestándolle atención á pronuncia de *was/were* (páx.75 exs. 1/2)

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecer datos sobre unha artista e a súa obra (*Left outside alone; Anastacia*).

PROCEDEMENTOS

- Completar a letra coas palabras dun cadro, escoitar e comprobar (páx. 108 ex. 1)
- Relacionar unhas palabras e expresións cos seus significados (páx. 108 ex. 2)
- Tras ler unha ficha técnica sobre o artista e a canción, responder unhas preguntas (páx. 108 ex. 3)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución da aprendizaxe da lingua estranxeira ás competencias básicas e particularmente como se reflicten nesta unidade:

ii. competencia de aprender a aprender;

Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe.

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución a esta competencia.

Os alumnos a través da lingua estranxeira crearán contextos reais e funcionais de comunicación utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación, por exemplo nesta unidade aprendendo cousas das novas tecnoloxías informáticas.

iv. competencia social e cidadá xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados ao mesmo tempo cá unidade.

Educación medioambiental: reflexión sobre o hábito de utilizar transporte público.

Educación para a paz: coñecemento das realidades doutras partes do mundo para cultivar o respecto doutros usos e costumes.

v. competencia artística e cultural

As producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

5.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *Unit Focus*, SB páx. 73

Diagnostic test, RB e CD de avaliación

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG

Avaliación sumativa

Test unit 8, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 8, Workbook páx. 54

UNIT 9: COMMUNICATION

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relacionado coa linguaxe xestual.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como cartas informais.
- Aplicar estruturas gramaticais como o estilo indirecto.
- Practicar a pronuncia do ritmo da frase.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre o tema da linguaxe corporal .
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar

PROCEDEMENTOS

Listening

- escoitar un texto oral (A festa de Abby) e responder unhas preguntas (páx. 87 ex. 6)
- Volver escoitar e corrixir a información dunhas frases (páx. 87 ex. 7)

Speaking

- Tras ler e escoitar un diálogo, responder unhas preguntas (páx. 87 ex. 1)
- Practicar o diálogo en voz alta, escribir un similar e representalo para o resto do grupo (páx. 87 exs. 3, 4 e 5)

BLOQUE 2- Ler e escribir

PROCEDEMENTOS

Reading

- Ler un texto sobre a linguaxe corporal e responder unhas preguntas (páx. 86 exs. 1, 2 e 3)
- Tras facer conxecturas sobre o significado de certos xestos, escoitar un texto oral e comprobar as respostas comparando as diferenzas e similitudes do país propio (páx. 86 exs. 4 e 5)

Writing

- Ler un texto modelo e contestar unhas preguntas (páx. 88 exs. 1 e 2)
- Identificar as diferentes partes do texto (páx. 88 ex. 3)
- Escribirlle unha carta informal a un coñecido seguindo un plan de redacción (páx. 88 ex. 4)

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Describir un estilo de vida
- Pedir e dar información sobre transporte público

ESTRUTURAS-GRAMÁTICA

Voz pasiva

Oracións de relativo; *who/which/where*

VOCABULARIO

Tema: Inventos e innovacións

Léxico:

- Materiais
- Adxectivo + preposición (word help)

FONÉTICA

O ritmo

PROCEDEMENTOS

Grammar

- Estudar unhas frases e comprobar como cambia o tempo verbal no estilo indirecto (páx. 84 ex. 1)
- Transformar frases de estilo directo a indirecto e viceversa (páx. 84 exs. 2 e 3)
- Completar unhas frases con *say* e *tell* (páx. 84 ex. 4)
- Ler unha conversa e uns textos e completar conversas e bocadillos utilizando o estilo indirecto (páx. 85 exs. 5 e 6).

Vocabulary

- Relacionar as expresións dun cadro cuns debuxos, escoitar, practicar en voz alta e comprobar as respostas (páx. 81 ex. 1)
- Completar unhas frases con vocabulario do exercicio anterior (páx. 81 ex. 2 e 3)
- Verificar o significado dos verbos dunha táboa e engadir máis verbos (páx. 83 exs. 6 e 7)
- Completar unhas frases e dicir se se está de acordo co seu significado (páx. 83 ex. 8)
- Encontrar nun texto os significados equivalentes a unhas frases e traducilos (páx. 83 ex. 4)
- Reescribir o subliñado dunha frases con expresións do exercicio anterior (páx. 83 ex. 5)

Pronunciation

- Escoitar e completar un *limerick* (páx. 83 ex. 1)
- Volver escoitar e repetir en voz alta prestándolle atención ao ritmo (páx. 83 ex. 2)

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

Coñecer datos sobre Europa (Report 5)

PROCEDEMENTOS

- Responder a un *quiz*, ler un informe e encontrar palabras e frases no texto (páx. 102 ex. 1 e 2 e páx. 103 ex. 3)
- Poñer os nomes dos países de Europa nun mapa (páx. 103 ex. 4)
- Escoitar un texto oral e responder unhas preguntas (páx. 103 exs. 5 e 6)
- Por parellas, debater se se está de acordo cunhas afirmacións (páx. 103 ex. 7)

3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución da aprendizaxe da lingua estranxeira ás competencias básicas e particularmente como se reflicten nesta unidade:

ii. competencia de aprender a aprender;

Os alumnos reflexionan e potencian a súa iniciativa persoal opinando sobre diferentes aspectos e aprenden a xestionar os seus recursos mediante diferentes técnicas de aprendizaxe, por exemplo ser capaz de realizar un debate.

iii. competencia en tratamento da información e competencia dixital,

Ver na introdución os aspectos xerais da contribución a esta competencia.

Os alumnos a través da lingua estranxeira crearán contextos reais e funcionais de comunicación utilizando as novas tecnoloxías da información e comunicación.

iv. competencia social e cidadá xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados ao mesmo tempo cá unidade.

Educación moral e cívica: reflexión sobre a realidade de Europa como marco de convivencia.

Educación para a paz: coñecemento das realidades doutras partes do mundo para cultivar o respecto doutros usos e costumes.

v. competencia artística e cultural

A s producións lingüísticas conteñen compoñentes artísticos e culturais.

4. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En toda a unidade se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

Ciencias sociais (Xeografía)

Aprender datos sobre Europa e localizar os seus países xeograficamente.

5.- AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Apartado *Unit Focus*, SB páx. 81

Diagnostic test, RB e CD de avaliación

Avaliación formativa

Ficha de avaliación do alumno, TG

Avaliación sumativa

Test unit 9, RB e CD de avaliación

Autoavaliación

Progress Check 9, Workbook páx.60

Apartado Build Up, Units 7-9, SB páx. 92

F- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de textos orais emitidos por un interlocutor, ou procedentes de distintos medios de comunicación, sobre temas coñecidos.

Este criterio quere valorar a capacidade para comprender a idea xeral e detalles específicos de exposicións breves e conversas sobre temas familiares. Así mesmo preténdese medir a capacidade para comprender a idea xeral de textos orais procedentes dos medios de comunicación con pronuncia estándar.

2. Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia adecuada para lograr a comunicación.

Con este criterio se avalía a capacidade para desenvolverse en situacións interactivas que supoñen a integración da comprensión e da expresión. As conversas daranse en situacións de dous tipos: as habituais da clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo docente (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicación a través das tecnoloxías da información e da comunicación, etc.) As mensaxes poden ser aínda titubeantes e conter erros morfosintácticos e léxico reducido, sempre que a mensaxe sexa comprensíbel.

3. Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, adaptados e auténticos, de extensión variada, e adecuados á idade, demostrando a comprensión a través dunha actividade específica.

A través deste criterio se avalía a capacidade para comprender textos escritos de carácter interpersoal como correspondencia, anuncios, folletos diversos, narracións, artigos de revistas xuvenís, páxinas Web, letras de cancións, etc., aplicando estratexias de lectura como a inferencia de significados polo contexto, ou os coñecementos transferidos das linguas que coñece ou vinculados a outras materias do currículo. Tamén se avalía a capacidade para ler textos, en soporte papel ou dixital, dunha certa extensión, recorrendo ao dicionario de forma espontánea cando resulte difícil a comprensión global do argumento por descoñecemento dalgunha palabra clave, e demostrando a súa comprensión a través de actividades lingüísticas e non lingüísticas.

4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, utilizando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que lle sexan comprensíbeis ao lector e presenten unha corrección aceptábel.

Por medio deste criterio se avalía a capacidade para expresar por escrito, en soporte papel ou dixital, de forma comprensíbel para o lector, descriucións sobre acontecementos e actividades cotiás e familiares, narracións sobre experiencias persoais, plans e proxectos, cartas, postais, formularios, e correos electrónicos de forma guiada. Valorarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada, en soporte papel ou dixital.

5. Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.

Este criterio avalía a capacidade para aplicar os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posíbel a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.

6. Identificar, utilizar e explicar oralmente algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar na aprendizaxe.

Este criterio pretende avaliar se se utilizan as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe: como a capacidade de valorar os seus progresos, a reflexión sobre a propia aprendizaxe, a utilización de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso correcto do dicionario para identificar a acepción adecuada ao contexto; o uso de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais co fin de solicitar información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, a participación na avaliación da propia aprendizaxe, e o uso dalgúns mecanismos de autocorrección.

7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais mostrando interese polo seu uso.

Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe, en actividades habituais da aula e para establecer relacións persoais. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a actitude cara á lingua estranxeira e os intentos por utilizala.

8. Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e mostrar interese por coñecelos.

A través deste criterio apreciarase o coñecemento dos trazos máis importantes e característicos da sociedade, cultura, historia, xeografía e literatura dos países onde se fala a lingua estranxeira. Así mesmo, avaliarase se alumnos e alumnas mostran respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos, superando deste xeito algúns estereotipos.

G-CONTIDOS MINIMOS

Os contidos mínimos serán os incluídos na parte de gramática e vocabulario de cada unidade. Quedan excluídos, a efectos de exames de recuperación, especialmente en Setembro, os apartados de Fonética, Aspectos Socio culturais e os temas transversais.

Só se lles esixirá os alumnos un dominio axeitado da gramática e vocabulario básicos incluídos en cada unidade, tanto de xeito escrito coma oral.

H/I/J-PROCEDEMENTOS DE AVACIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, coincidindo a terceira coa final, ademais da correspondente á convocatoria de setembro.

Ao tratarse do ensino dunha lingua consideramos a asistencia ás clases coma indispensable para poder valorar a capacidade comunicativa do alumno na devandita lingua e para avaliar o traballo diario no aula.

Para outorgar a cualificación correspondente a cada avaliación, teranse en conta ademais de, polo menos, dous exames escritos, previamente anunciados ao longo do trimestre, calquera exercicio recollido dos realizados durante a clase, o traballo realizado polo alumno en casa, a súa actitude e todos os aspectos que poidan axudar ao profesor a alcanzar unha valoración o máis xusta e obxectiva posible dos méritos do alumno. Esta valoración será responsabilidade exclusiva do profesor do grupo. Nos exercicios realizados polos alumnos valorarase non só a cantidade de erros e acertos senón tamén a importancia dos mesmos.

Tendo en conta que pretendemos poñer máis énfases nas destrezas orais, **speaking e listening**, a valoración das mesmas terá un peso maior na nota que en anos pasados. O 50% da nota corresponderá ás probas escritas, quedando un 20% para o listening e un 20% para o speaking. O 10% restante valorará a actitude, participación, etc. O aprobado require obter un 50% en cada unha das dúas partes mencionadas no parágrafo anterior.

A cualificación final non se baseará na nota dun único exame, nin será a media das avaliacións, senón que se estimará segundo o nivel alcanzado polo alumno durante todo o último trimestre, tendo en conta todas as probas realizadas así como todas as notas de clase, valorando que a nota media das avaliacións leve unha progresión ascendente.

Dentro do Proxecto Lector, cada profesor animará aos alumnos a que lean un ou dous libros, axeitados ao nivel de cada alumno, polo que terán que contestar a un cuestionario de verdadeiro-falso ou escribir un pequeno resumo (especialmente no segundo ciclo), polo que se lles dará de 0.5 a 1 punto extra na nota da avaliación.

Aqueles alumnos que teñan que presentarse á convocatoria de setembro serán avaliados polos coñecementos demostrados nese exame exclusivamente (exame que pode incluír unha comprensión oral) e a súa cualificación será calquera das comprendidas entre 1 e 10.

Os alumnos dos cursos de diversificación serán cualificados baseándose máis nos contidos procedimentais e actitudiais, que nos conceptuais.

Valorarase especialmente a participación, interese polos contidos, realización de traballos e deberes, presentación dun caderno con todo o traballo ben feito, ect, que contará un 50% da nota. Ademais, terán dous ou máis exames escritos por trimestre, que contarán un 50% da nota.

K-FOMENTO DA LECTURA

Dentro do Plan Lector, trataráse de que os alumnos da ESO lean en conxunto na clase algún libro, no primeiro ciclo; escoitando o correspondente CD e traducindo o mesmo. No segundo ciclo, especialmente en 4º intentarase que lean un ou dous libros e fagan un resumo do mesmo, traballo que será recompensado na nota da avaliación. Sin embargo, si hai moitos alumnos que teñan problemas para leelo, tamén se pode facer o mesmo que no primeiro ciclo.

En todo caso, en ambos ciclos, proporase aos alumnos máis avanzados que lean algún libro voluntario e fagan un resumo.

L- TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TICS

Tendo en conta que no noso instituto aínda hai un número importante de alumnos que non posúen un ordenador, especialmente na ESO, tratarase, dentro da dispoñibilidade das aulas de ordenadores, de levarlos cada semana ou dúas para que poidan utilizar os CD-roms interactivos que veñen co libro de texto, por tratarse de exercicios mecánicos, con autocorrección, moi axeitados para automatizar o uso da lingua- a fluidez- que é a carencia máis notoria ao final da ESO e do Bacharelato. Polo demáis, si conseguimos que utilicen o CD de lecturas e pronunciación que ven co libro, produciríase unha motivadora mellora nas capacidades de comprensión e expresión oral que, nunha época de enormes facilidades materiais para acadala, se atopa nunha situación bastante deficiente; especialmente a pronunciación.

Ademáis, co acceso a través de Internet a canción con letra e mesmo contos – cartoons- tamén se tratará de que canten cancións acutais, que coñecen, e as páxinas da editorial OUP, que ofrece exercicios e xogos educativos.

Xa en cursos anteriores se realizaron actividades en rede, coma conseguir información sobre premios Nobel e escribir unha pequena biografía, ou publicar na páxina web do instituto os resumos dos libros que leeran os alumnos de 4º.

M-PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non é posible facer un programa de recuperación específico dentro do horario de clases, porque suporía faltar ás clases normais.

O reforzo, tendo en conta que é unha asignatura onde os contidos dos cursos anteriores se están utilizando continuamente nos seguintes, e que os alumnos máis lentos realizarán exercicios de reforzo e consolidación en cada unidade, está garantido no curso normal. Ademáis supón un control mellor sobre a realización dos deberes e do traballo da aula. O problema, unha vez máis, é que á maioría ou ben non lles importa traer os deberes sen facer, ou ben copianos dos seus compañeiros. A única posibilidade sería que os pais se se comprometesen a levar un control sobre o traballo na casa, pero isto raramente se produce con estes alumnos.

O método ideal para a recuperación da materia Inglés, sería a superación da materia no curso e no nivel actual. É un feito que a maior parte das recuperacións do curso anterior, nos últimos anos, producíronse por unha mellora na actitude/rendemento durante o curso actual. Coma exemplo, no curso pasado, de 30 alumnos co Inglés pendiente, 11 aprobaron polo seu rendemento no curso actual, mentres que só 8 aprobaron por exame de pendientes.

Propoñémoslle aos alumnos un esforzo no 1º trimestre, no que sempre se fai un repaso da gramática dos cursos anteriores, e que mediante o aprobado neste trimestre e no 2º, ou mediante un exame especial de contidos mínimos do curso pendente, poidan superar a materia. Deste xeito conséguese tamén que se enganchen ao curso actual que normalmente tamén aproban.

Ademáis, como a maioría dos alumnos non recuperan por avaliación continua, faranse exames trimestrais, antes do final de cada trimestre, mediante os que os alumnos poderán recuperar a asignatura ao longo do curso.

N-Metodoloxía

A metodoloxía para aprendizaxe/ensino dun idioma, tendo en conta os excelentes materiais de que dispoñemos, podería ser simplemente seguir o texto e os materiais complementarios. O problema maior que nos atopamos os profesores é a falla de tempo. Non podemos utilizar nin a metade dos materiais complementarios que nos proporcionan as editoriais.

De tódolos xeitos, se a ratio é adecuada, coma nos últimos anos, propoñémonos os seguintes retos:

- utilización do Inglés coma lingua vehicular na aula.
- Participación continúa dos alumnos na clase, de xeito que non teñan tempo de distraerse e, incrementando o traballo, logren un mellor rendimento e motivación.
- Aceptación do erro/incorrección coma parte da didáctica, de maneira que os alumnos non se sintan coartados á hora de expresarse, e se decaten de que aprender é practicar, tratando de darse conta deles, e iles superando pouco a pouco.
- Utilización do material multimedia, Cd-Rom interactivo, video, páxinas web, para realizar unha gama variada de actividades que resulten motivadoras e atractivas para os rapaces.
- Fomentar a lectura, coma o mellor método de aprendizaxe de vocabulario.
- Mellorar as capacidades de comprensión i expresión oral, mediante a utilización da maior parte do material de que dispoñemos.

O-MATERIAIS CURRICULARES INCLUIDOS LIBROS DE TEXTO.

PRIMEIRO DE ESO: Texto : “SPOTLIHT 1” e Workbook 1 OUP

SEGUNDO DE ESO: Texto: “POTLIGHT 2 “e Workbook 2 de OUP

TERCEIRO DE ESO: Texto : “SPOTLIGHT 3” e Workbook de Paul A. Davies e Tim Falla. Ed. Oxford.

CUARTO DE ESO: Texto: “SPOTLIGHTLIGHT 4 e Workbook de Paul A Davies e Tim Falla. Editorial Oxford.

DIVERSIFICACIÓN DE 3º : **New Headway Beginners. OUP**

DIVERSIFICACIÓN DE 4º . : **New Headway Beginners. OUP**

Ademáis dos correspondientes CDs de aula, Multiroms do alumno, materiais dos Teacher’s Resource Book, biblioteca do Departamento de Inglés, ect.

P-PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS

Incluída en cada unidade.

Q- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro de cada unidade hai actividades de reforzo para alumnos que necesitan consolidar os coñecementos mínimos, e de ampliación, que permiten darlles unha atención axeitada aos alumnos máis avanzados, segundo as necesidades e o ritmo de aprendizaxe de cada un. Por exemplo, mentres que un alumno con problemas realiza exercicios de repaso e consolidación, un alumno avanzado poderá ler un libro axeitado ó seu nivel e mesmo facer un resumo.

Mesmo cando se pide unha redacción, esta pódese escribir a niveis moi distintos, según a capacidade de cada alumno.

No *Teacher's Resource Pack*, un dos seus compoñentes, o *Photocopy Masters Book*, o profesor dispón de páxinas fotocopiábeis de consolidación e de ampliación por unidade.

Tamen hai dous grupos de diversificación de dous anos, formados con alumnos con dificultades especiais de aprendizaxe, pero coa suficiente actitude e interese para poder aprender uns contidos mínimos, que lles permitan a súa integración no sistema educativo e a posibilidade de acadar o título de ESO para poder acceder o mercado de traballo en condición de normalidade, ou a ciclos medios.

Actividades complementarias e extraescolares

Actividade	Trimestre	Grupo/Profesores
Proxección de Películas adecuadas. Con actividades de preparación previa e traballos posteriores.	1º, 2º, 3º	Todos os grupos Todos os profesores
Proxecto lector Lecturas graduadas, colectivas ou individuais no 1º ciclo da ESO e individuais no 2º ciclo.	1º, 2º, 3º	Todos os profes